

# ASEMBLEAS VECIÑAIS

## FICHA DE PROPOSTAS PARA 2017



NOME DA ASOCIACIÓN: (no caso de que se faga en nome da asociación)

NOME E APELIDOS: (da persoa particular ou de quen representa á asociación)

DOCUMENTO DE IDENTIDADE: \_\_\_\_\_ IDADE: \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_ PARROQUIA: \_\_\_\_\_

TELÉFONO: \_\_\_\_\_ COR. ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

TÍTULO DA PROPOSTA: \_\_\_\_\_

CUSTO ECONÓMICO ESTIMADO (€): \_\_\_\_\_

BREVE DESCRICIÓN DA PROPOSTA: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

(cubrir tantas follas como sexa preciso)

A persoa asinante declara que a información facilitada é exacta e completa.

De acordo co disposto no art. 5 da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmasse do seguinte:

- Os datos solicitados son necesarios para elaborar un Rexistro de solicitudes dos Orzamentos Participativos do ano 2017
- Os datos serán tratados de forma confidencial e incluídos nun ficheiro propiedade do Concello de San Sadurniño. As persoas afectadas poderán en calquera momento exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición en relación cos mesmos, dirixíndose ó Concello de San Sadurniño (O Casal nº 16 - 15560 San Sadurniño) utilizando os formularios oportunos.

# NOVAS



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO • O Casal, nº 16 • 15560 SAN SADURNIÑO • Teléf.: 981 490 027 • Fax: 981 490 474 • correo@sansadurnino.gal

## “ASEMBLEAS VECIÑAIS”

Desde o ano 2008 o Concello de San Sadurniño vén desenvolvendo os chamados *Orzamentos Participativos*, nos que os veciños e as veciñas propoñen e deciden sobre a orientación que deberían ter os investimentos dos orzamentos municipais.

O Concello quere continuar co camiño da **democracia participativa** e da corresponsabilidade veciñal nos asuntos públicos.

A democracia participativa implica que aqueles temas máis importantes, máis sobranceiros, deban debaterse e, se se pode, mesmo consensuarse coa cidadanía, na procura do ben común. Por iso todos os anos se celebran Asembleas veciñais, nas que se fala dos orzamentos municipais e das prioridades que debería seguir o Concello para o vindeiro ano.

Neste senso, xa o ano pasado ao debate dos presupostos tamén se lle engadiu a información sobre a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de San Sadurniño. E nesta ocasión as asembleas tamén van servir para explicar como está a tramitación do PXOM.

## PARTICIPEMOS NA MELLORA DO NOSO CONCELLO

**Orzamento participativo e información sobre o plan de urbanismo**

**Gustaríanos informarte e coñecer a túa opinión, as túas ideas e as túas propostas para mellorar o funcionamento do Concello**

### PARTICIPA NA ASEMBLEA NO LOCAL SOCIAL DA TÚA PARROQUIA:

IGREXAFEITA\_ luns 31 de outubro  
SANTA MARIÑA do MONTE\_ mércores 2 de novembro  
FERREIRA\_ xoves 3 de novembro  
no local da Seara  
CAMIÑO ARRIBA\_ venres 4 de novembro  
BARDAOS\_ luns 7 de novembro  
LAMAS\_ martes 8 de novembro  
NARAÍO\_ mércores 9 de novembro  
SAN SADURNIÑO\_ xoves 10 de novembro  
Casa da Xuventude

**HORARIO ÚNICO**  
ás **20:00 h.**



# ASEMBLEAS VECIÑAIS



- PROPOSTAS PARTICIPATIVAS PARA 2017
- INFORMACIÓN SOBRE O PLAN DE URBANISMO

Igual ca o ano pasado, nesta ocasión as asembleas veciñais -á parte de falar dos orzamentos do ano que vén- vanse aproveitar para informar sobre o estado actual da tramitación do novo Plan de urbanismo, o PXOM.

## ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

### Cales son as túas propostas e prioridades para 2017?

Como en anos anteriores levaremos a cabo o proceso de orzamentos participativos. E as asembleas veciñais son a parte esencial dese proceso, xa que son un foro para falar sobre as liñas de actuación municipal de cara ao vindeiro ano 2017. A situación sociopolítica xeral é bastante complexa, pero aínda así San Sadurniño non pode ficar parado. Debemos seguir traballando arreo para avanzar no bo camiño.

Preténdese que entre todos e todas haxa un debate social ao redor das necesidades reais da cidadanía e de todo o que pode facer o Concello cos recursos existentes para encarar os retos desta situación na que estamos. Para iso necesitamos saber cales son as túas inxerencias e as túas propostas.

### Quen pode participar?

Poderán participar nas asembleas todos os veciños e veciñas do Concello, así como aquelas outras persoas que sen estaren empadroadas gardan unha relación directa de tipo social ou laboral co noso municipio.

A democracia participativa ten que ter mecanismos para que o conxunto da cidadanía poida expresar as súas inxerencias e faga as demandas que considere axeitadas. Esta é a mellor maneira para que a súa voz se escoite e se teñan en conta as súas propostas. Se temos ideas pero non llas contamos a ninguén, dificilmente poderán levarse a cabo.

Por iso tamén é fundamental que nas asembleas participe activamente o maior número posible de persoas, polo ben do Concello e dos seus veciños e veciñas, pero tamén por elas mesmas.

### De que podemos debater?

As asembleas son abertas e democráticas. O importante é que as persoas asistentes falen e expresen as súas ideas, seguindo as regras básicas da concreción e do respecto.

Os asuntos a falar poden ser variados, pero haberá que centrar o debate sobre aqueles temas que teñen un interese real para a cidadanía, e de maneira concreta para o Concello e os servizos municipais.

A modo de exemplo as ideas e propostas poden xirar ao redor de temas como:

- Como afrontar a crise: xerar emprego, encarar os problemas económicos, igualdade...
- Como tirar proveito dos recursos do territorio e incrementar a actividade económica local
- Como mellorar e ampliar os servizos municipais: servizos sociais, lixo, auga, promoción económica, formación, cultura e lecer...
- Como obter máis ingresos e mellorar a xestión tributaria: axudas e subvencións, impostos...
- Como aforrar e mellorar a eficiencia económica: alumeado, pistas e camiños...
- Que ideas e propostas poden ser beneficiosas para a comunidade local

### Tes algunha proposta?

Grazas ao proceso das asembleas de participación veciñal calquera persoa ten a oportunidade para se expresar e presentar as súas propostas, xa sexa de viva voz ou por escrito na propia asemblea.

Á parte disto, aquelas persoas que por calquera circunstancia non poidan asistir ás asembleas parroquiais tamén van ter a oportunidade de presentaren as súas ideas por escrito, e as persoas responsables das xuntanzas serán as encargadas presentalas na propia asemblea.

Neste folleto, ou na páxina web municipal ([www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal)), hai un modelo de ficha para presentar propostas, que pode usarse para este fin. Esta ficha pode presentarse directamente na asemblea, ou enviala ao Concello antes de se celebrar a asemblea, por algún dos seguintes medios:

- Entregándoa directamente no Rexistro municipal
- Remitindo unha carta ao Concello (*Casa do Concello, O Casal 16, 15560, San Sadurniño*)
- Mandando un e-mail dirixido ó enderezo: [concello@sansadurnino.gal](mailto:concello@sansadurnino.gal)

### E logo que se fai coas propostas?

Os resultados dos debates e das propostas que se dean nas asembleas serán recollidos por representantes municipais de cara á súa sistematización.

Logo convocarase unha **Mesa de participación veciñal**, onde estarán presentes, á parte de responsables políticos, as persoas representantes do movemento asociativo e as persoas designadas nas asembleas parroquiais. **Nesta Mesa, que se ha celebrar o día 11 de novembro ás 20.00h. na Casa da Xuventude**, expoñeranse os resultados das asembleas e definirase un documento que sexa a síntese do proceso e recolla as inxerencias, propostas e orientacións que xurdirán, ordenadas segundo as prioridades acordadas.

Este documento farase público para que todo o mundo poida coñecerlo e ademais está previsto que sexa presentado no Pleno Extraordinario do Concello no que se sometan a votación os orzamentos municipais para o ano 2017.

### INFORMACIÓN SOBRE O PXOM

O ano pasado, coincidindo cos orzamentos participativos, empregamos as asembleas parroquiais para presentar a proposta inicial do Plan Xeral, de cara que todo o mundo coñecese cales eran os elementos fundamentais do Plan, como se redactou, cales eran os seus obxectivos, como son as diferentes clasificacións de usos do solo, e por último cales son as fases que hai que seguir e os dereitos da cidadanía para participar na súa concreción definitiva.

Posteriormente o Pleno municipal aprobou a proposta inicial do PXOM e púxose a exposición pública, para que todas as persoas que o desexasen puidesen consultar o texto completo e faceren as alegacións ou propostas que considerasen máis acadaidas para defender os seus dereitos ou intereses.

O proceso en xeral foi moi produtivo. Durante a exposición pública houbo moitas consultas e chegaron a presentarse 420 escritos de alegacións e propostas.

Todos estes escritos foron recollidos, rexistrados e enviados á empresa redacto-

ra do Plan para que os estudase un por un e dese unha contestación particular a cada unha das peticións.

Paralelamente, o Concello mandou o documento inicial a outros organismos públicos (Augas de Galicia, Patrimonio, AENA, Medio Rural...) para que presentasen os informes que consideraran.

No momento actual están preparadas a meirande parte das contestacións ás alegacións, fixéronse as modificacións que a normativa permitía, e estase á espera de chegada dos dous últimos informes sectoriais doutros organismos.

Unha vez recibidos estes informes (e feitas as correccións que indiquen se as houber), procederíase a enviar as contestacións das alegacións e a presentar a proposta de documento definitivo.

Posteriormente, ese documento enviarase á Consellaría de Medio ambiente para que faga unha memoria ambiental. Con ela, o pleno do Concello aprobaría provisionalmente o Plan para enviálo de novo á Xunta, quen debe examinalo de novo e aprobalo se cumpre con todos os requisitos.

### INFORMACIÓN SOBRE O ABASTECIMENTO DE AUGA EN IGREXAFEITA

De igual maneira ca co PXOM, a asemblea veciñal de Igrexafeita servirá para debater sobre a realización dun estudo do abastecemento de auga nos núcleos principais da parroquia.

Boa parte dos veciños e veciñas teñen importantes problemas coa auga que consumen, xa que semella que non cumpren cos parámetros de calidade axeitados pola presenza de metais que lle dan cor e sabor.

Neste senso, unha investigadora da Universidade da Coruña logrou unha bolsa da Deputación provincial para realizar un primeiro estudo da situación de cara a tentar detectar cal é o problema e saber se existe algunha solución viable técnica e economicamente.

Por este motivo, a investigadora estará na asemblea, presentará o seu proxecto e poderá compartir coas persoas asistentes as súas impresións sobre o asunto.

### PARTICIPA NA ASEMBLEA NO LOCAL SOCIAL DA TÚA PARROQUIA:

IGREXAFEITA \_ luns 31 de outubro  
SANTA MARIÑA do MONTE FERREIRA \_ mércores 2 de novembro  
no local da Seara  
CAMIÑO ARRIBA BARDAS \_ venres 4 de novembro  
LUNAS \_ luns 7 de novembro  
LAMAS \_ martes 8 de novembro  
NARAÍO \_ mércores 9 de novembro  
SAN SADURNIÑO \_ xoves 10 de novembro  
Casa da Xuventude

**HORARIO ÚNICO**  
ás **20:00 h.**